

CRÓNICA

Un poeta limpo nado nos anos duros

Primeiras conversas con Bernardino Graña

Título: Conversas con Bernardino Graña.

Autor: Rafael Fernández Lourenzo e Héitor Mera Herbello.


Edita: Xerais.

É algo xa recoñecido por case todos que o xénero da entrevista a fondo, como o epistolar ou o da biografía, serven para compoñer o tecido cultural dun país tanto como os xéneros canónicos da creación literaria. Galiza, comunidade, por feble, máis necesitada aínda de todos os seus bimbios, reúne xa unha boa colleita de libros de entrevistas, non sempre nomeada con xusteza nas análises globais da nosa cultura. Velá os fenomenais libros de conversas con Valentín Paz-Andrade, Carballo Calero, Beiras, Francisco Carballo ou Ferrín, por citar só algúns.

Bernardino Graña vén de entrar no xénero despois de conversar cos seus veciños de Cangas e tamén cultivadores do idioma, Heitor Mera Herbello e Rafael Fernández Lourenzo.

Estamos ante un libro pequeno, para o que adoita ser habitual. Os propios autores son conscientes de que a vida e o labor de Bernardino Graña darían para máis e quizais noutro momento estas conversas poidan ter o seu complemento. Todo entrevistador sabe que conseguir que o seu personaxe abra de par as portas da súa privacidade non é doado. Son moitas as censuras que se impoñen (posíbeis compañeiros criticados, feitos delicados que aínda non consideran oportuno tratar, etc.). Mais, iso non de-

Graña é un poeta dos grandes e a súa obra ten o mérito de agromar sobre o pano de fondo dunha época desértica.



Bernardino Graña.

PACO VILABARROS

valúa este libro, nin desanima a súa lectura. Nada do que hai nestas páxinas é superfluo. O resultado é áxil e de interese.

Vén de ser reeditado precisamente estes días —e noutra ocasión haberá que falar del— o libro de conversas con Ánxel Fole que Carlos Casares lle realizara en 1984. É un claro exemplo de obra menor en tamaño, pero enorme no resultado, unha xoia xa do noso sistema cultural.

Centrados nestas conversas con Graña, hai que dicir que nos chegan precedidas dun notabilísimo e humorístico prólogo de Gonzalo Navaza que, non embargante, produce, na nosa opinión, o efecto non desexado de contribuír a que non nos tomemos de todo en serio

as palabras do entrevistado ou, cando menos, que non o tomemos de todo en serio como poeta. Existe sen dúbida unha faceta na personalidade do cangués propensa á comicidade, unha veta san e lúcida, mais que, pola capacidade de absorción que ten o humor, pode levarnos a interpretar mal ou a non aprezar na súa medida a súa poesía. Apuntemos aquí, brevemente, que o humor, certo histrionismo e certa bohemia (caso de Fole) non foron talvez outra cousa que unha defensa ante a inclemencia dos tempos.

Graña, en calquera caso, é un poeta dos grandes e a súa obra ten o mérito de agromar precisamente sobre o pano de fondo dunha época desértica e

esterilizadora. “Erial” e “deserto” son precisamente cualificativos que varios libros recentes empregan no título para definir os anos corenta e cincuenta. O noso poeta naceu en 1932. Viviu unha infancia de pes descalzos (aínda que el era dos poucos que gastaban zapatos), unha universidade patética como moi ben se describe na páxina 39 e unha vida onde a memoria do período republicano era percibida por el, desde a rúa Irmandiños de Vigo, nun negocio da súa tía que tiña o home, sindicalista, preso. Alí o futuro poeta xantaba, sentado en sacas de fariña e café de estraperlo. A loita pola lectura e por conseguir libros constitúe tamén unha epopeia non doada de comprender para un mozo de hoxe.

Vexamos, como ilustración, unha descripción do ambiente estudantil e literario dos cincuenta: “É curioso que eu daquela non podía conceder que se puidese facer un canto optimista, vital... Era unha época negra, era a longa noite de pedra. Non nos dabamos de conta. Estabamos vivindo aquel momento, pero era dunha maneira natural, instintiva, sen concepción, sen asumilo dunha maneira clara, explícita. Estabamos mergullados na noite. Aquilo era un ambiente terríbel. Dominaba un aire de *frivolité*, de inconsciencia. O estudante só quería farra, bohemia e ante os problemas gordos que había refuxiámonos na esmorga”.

De Bernardino Graña hai que dicir ademais que sempre tivo clara a súa voz, nunca embargada pola consigna, a pesar de que parte dos tempos que lle tocaron vivir o propiciasen. Unha voz sensíbel e clara. El afirma que a poesía debe ser un estoupido que non se deixe arrastrar por “cousas raras que non centran o texto”. ♦

M.V.